



VOTOS A FAVOR 2: VECIÑOS, PSOE

VOTOS EN CONTRA 4: PP

ABSTENCIÓNS 6: PGD, PSOE, AXP, BNG e CIPA

**Dona Teresa Rey Pazos**, Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno da Corporación a celebrarse o día 26 de xaneiro de 2017, a seguinte **MOCIÓN**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Festas da Pascua son un evento moi esperedo por todos os veciños e veciñas do noso Concello, trátase “DAS NOSAS FESTAS GRANDES”.

Ademais hai que indicar que o orzamento que se destina a estas festas é considerablemente importante (ao redor de 190.000€) o que obriga aos gobernantes a tomarse moi en serio a organización desta celebración, buscando novas actividades, actuacións, etc, en definitiva, a facer que estas festas evolucionen e melloren tódolos anos para así satisfacer á cidadanía en xeral e aos veciños e veciñas de Padrón en especial.

Pero non podemos negar que nos últimos tempos cada vez hai máis críticas á forma de organización das mesmas. O comentario xeral é que “son o mesmo todos os anos” e isto está a facer que os padroneses e padronesas, cada vez máis, aproveiten estas datas para saír do noso pobo no canto de quedar a gozar dunhas festas que lles pertencen.

Co ánimo dar uns pequenos pasos cara un cambio na visión e organización das Festas de Pascua e que Veciños de Padrón considera deberían ser aínda maiores e máis profundos, recolleemos nesta moción algunhas das peticións que a cidadanía formulou ao noso partido.

Por todo ou exposto, e coa intención de trasladar as suxestións feitas polos veciños e veciñas do noso municipio ao noso partido, propoñemos os seguintes **ACORDOS**:

- 1.- Que se celebre o xoves, venres, sábado e domingo da Semana Santa unha “Sesión Vermut” acompañada con actuacións musicais variadas e alternativas (rock, Jazz, Blues, folk, etc) en diferentes puntos das rúas. Respectando as actuacións que poidan estar programadas coa Banda de Música ou grupos folclóricos tradicionais.
- 2.- Que o Venres Santo á noite, cando as procesións finalicen, haxa actuacións musicais en diferentes puntos das rúas.

- 3.- Que se organice un mercado alternativo polas rúas desde o sábado de Pascua ata o domingo de Pasquilla.
4. – Que o luns e martes de Pascua só haxa unha orquestra á noite, co fin de financiar estas novas actuacións e actividades aquí propostas.
- 5.- Que se tomen as medidas necesarias para que haxan máis atraccións destinadas a adultos.
- 6.- Que se publicite as festas activamente e con anterioridade suficiente.

En Padrón, a 16 de xaneiro de 2017

Dona Teresa Rey Pazos

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN**